



## Instrucción 5/2020, complementaria da Instrucción 4/2020, sobre a reincorporación ao traballo presencial das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Bergondo

A presente Instrucción dítase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

### Antecedentes

O contido íntegro da Instrucción desta Alcaldía núm. 4/2020, sobre a reincorporación ao traballo presencial das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Bergondo do 28 de maio de 2020.

Na devandita Instrucción, seguindo as recomendacións do Goberno do Estado, mantívose como modalidade preferente, a modalidade de teletraballo a todo o persoal, con carácter xeral, segundo as necesidades dos servizos e nas condicións fixadas na citada Instrucción.

Estando a piques de cumprirse o prazo de tres meses dende a finalización do estado de alarma, sinalado no Real decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar á economía e o emprego, que no seu artigo 15, prorroga a vixencia do establecido nos artigos 5 e 6 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, establecendo que *“De acordo co previsto no segundo parágrafo da disposición final décima, da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, prorrógase o establecido nos artigos 5 e 6 da devandita norma. O contido destes artigos manterase vixente durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición final décima da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, modificado pola Disposición Final 1.17 da Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo...”*

Considerando que o estado de alarma rematou o 21 de xuño de 2020, consonte coa previsión contida no Real Decreto 555/2020, de 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 .

Por medio da presente, **disponse** a continuación da situación laboral actual dos empregados públicos municipais ata o 30 de setembro de 2020. Todos/as os/as empregados/as permanecerán localizables nos teléfonos facilitados a esta alcaldía e nos seus correos electrónicos Corporativos, e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo.

A situación a partir do 1 de outubro, fixarase nunha nova Instrucción.

Este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias. Así mesmo, se se produce unha variación nas circunstancias epidemiolóxicas da infección ou un rebrote da enfermidade, adoptaríanse as medidas oportunas ao respecto.

A presente instrucción será obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico corporativo e no Portal de Transparencia municipal.

Bergondo, 17 de setembro de 2020

A alcaldesa-presidenta  
Alejandra Pérez Máquez